



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE OUTUBRO DE 2010

### LICENZAS

#### **FAVORABLES.-**

**Lic/1513/2010.- José Rodríguez Cereijo.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Casais.

#### **PARCELACIÓN.-**

**Lic/1842/2009.- Mercedes Rico Munin.-** Parcelación urbanística da parcela sita no lugar da Rúa das Peniñas nº 4 – Eixo.(+)

#### **SUBSANACION DE ACORDO.-**

**Lic/159/2010.- Miguel Angel Sixto Prieto.-** Parcelación urbanística da parcela sita na rúa da Mira.

#### **APERTURAS.-**

**Lap/324/2005.- GAMESA EOLICA SERVICIOS.-** Nave almacén de compoñentes mecánicos na Vía Pasteur nº 7 - Polígono Industrial do Tambre. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

**Lap/362/2006.- TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.-** Instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Vista Alegre nº 48. Informar favorablemente a instalación e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

**Lap/66/2010.- Liliana Grigorian Shamajian.-** Taller de música na rúa Tabaniscas nº 50. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

**Lap/182/2010.- Estación de Servicio Santa Lucía, S. L.-** Ampliación da estación de servizo para servizos e almacén na carretera 525, PK 336,40 - O Eixo. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

### OCIHR

#### **LICENZAS.-**

**LIC/1243/2006.- JUAN VÁZQUEZ MATO S.L.-** Legalización das modificacións executadas no inmovible sito na rúa do Franco, 48 segundo proxecto de legalización.

**LIC/1159/2009.- ESTHER RITA VÁZQUEZ LEYTE.-** Conceder o cambio de titularidade da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 02/07/07 para rehabilitación do inmovible sito na Praza do Matadoiro nº 3.

**LIC/1864/2006.- ESTHER RITA VÁZQUEZ LEYTE.-** Conceder a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 02/07/07 para rehabilitación do inmovible sito na Praza do Matadoiro nº 3.

#### **PRÓRROGA.-**

**LIC/1209/2010.- D. MARGARITA PAJARO DIEGUEZ.-** Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de goberno Local do 27 de abril de 2009 para substitución da cuberta de edificio na rúa Sar, 83

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZAS**

**DIS/916/2010.- MARÍA RIVAS ANTELO.-** Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa do Campo das Hortas nº 1. O importe da fianza é de 601 €.

### **5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbase unha axuda por importe de 600 euros.

**6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse definitivamente axudas para 13 vivendas por importe de 22.186,48 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle para a construción dun centro de saúde na parcela R-10 do solo urbanizable programado número 4 (SUP-4) de Conxo.**

Apróbase inicialmente o estudo de detalle para a construción dun centro de saúde na parcela R-10 do SUP-4 de Conxo e acórdase someter o expediente a información pública polo prazo de vinte días.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da concesión de subvencións da Deputación da Coruña para actividades e investimentos. Ano 2010.**

Dáse conta das seguintes subvencións: celebración da copa de España de Fútbol Sala (39.975 euros); sala de exposicións de Santa Marta (30.000 euros); programas de dinamización educativa e cultural para a comunidade educativa e Vive o Verán da rede de centros socioculturais municipais (16.721,30); equipamento expositivo e reprográfico para actividades de tempo libre e equipamento para centros socioculturais (26.240 euros).

**9.- Aprobación do expediente 2010/01 dos proxectos de ordenanzas de ingresos públicos.**

Apróbase o expediente coas seguintes modificacións:

a) incremento do 1,28626% do importe das taxas vixentes da ordenanza fiscal 3.14 (taxa polo saneamento e depuración de augas residuais).

b) incremento do 1,28626% do importe das taxas vixentes da ordenanza fiscal 3.15 (taxa pola subministración de auga e conservación de contadores).

c) incremento do 1,8% do importe das taxas vixentes da ordenanza fiscal 3.17 (taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas). Eliminación do apartado da ordenanza 3.17 correspondente á expedición de tarxetas de aparcamento (que se incrementa nun 1,8%) para a súa inclusión na ordenanza fiscal 3.06

d) incremento do 1,8% do importe das taxas vixentes da ordenanza fiscal 3.18 (taxa pola retirada e recollida de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais).

**10.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á xustificación parcial do convenio de colaboración entre o Concello e a Consellería de Cultura.**

Dáse conta da xustificación do devandito convenio correspondente á celebración da IV Semana Internacional do Ilusionismo.

**11 a 40.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles e no imposto do lixo.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**41.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a rexeitamento de recurso de reposición e rectificación de acordo.**

Rexéitase un recurso.

**42.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da sinatura da 4ª addenda ao convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello para a creación de tres escolas infantís 0-3 municipais integradas na Rede Galega de Escolas Infantís.**

Dáse conta da devandita sinatura da addenda, relativa ao prazo de xustificación do investimento realizado no proxecto (1.325.603,20 euros) que queda fixado no 30 de xuño de 2011.

**43.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á adxudicación das obras de instalación de equipos de corrección para evitar recargos de enerxía reactiva en varias dependencias municipais (centros sociais do Ensanche e Rocha Vella, CEIP**

**Monte dos Postes, Escola Infantil de Conxo, Estación de bombeo de Granxa do Xesto, dependencias administrativas municipais da rúa Galeras e Teatro Principal).**

Adxudícanse os traballos de referencia á empresa DAVIÑA, SL, por importe de 12.866,12 euros.

**44.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto modificado das obras de "ampliación da rede de abastecemento nos lugares de A Susana e Marrozos.**

Apróbase o devandito proxecto modificado, por importe de 413.596,66 euros. Así mesmo, adxudícase o mesmo á empresa OVIGA S.L.

**45.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto modificado das obras de "ampliación da rede de abastecemento no lugar de Lavacolla".**

Apróbase o devandito proxecto modificado, por importe de 413.530,52 euros. Así mesmo, adxudícase o mesmo á empresa OVIGA S.L.

**46.- Proposta dos concelleiros delegados de Festas e de Mercados relativa á liquidación das actividades do Mercado Medieval.**

Apróbase a liquidación de gastos, cuns superávits de 1.740 e 193,12 euros.

**47.- Adxudicación definitiva do servizo de vixiancia das instalacións da UMAD.**

Elévase a definitiva a devandita adxudicación á empresa PROTECCION DE PATRIMONIOS, S.A., por importe de 37.443,34 euros.

**48.- Adxudicación definitiva das obras de construción da Escola Infantil en Salgueiriños.**

Elévase a definitiva a devandita adxudicación á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, S.A., por importe de 724.784,49 euros.

**49.- Adxudicación provisional do servizo de elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible.**

Adxudícase provisionalmente o devandito servizo á empresa EPYP, S.A., por importe de 93.220 euros.

**50.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente para dar conta da sinatura do convenio coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da redacción do proxecto vía verde Santiago-Ordes.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, cunha achega da Deputación de 42.920 euros, o que representa o 100% do orzamento total de gastos.

**51.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da concesión dunha subvención da Deputación Provincial da Coruña para a Escola Municipal de Música. Ano 2010.**

Dáse conta da concesión dunha subvención de 9.515 euros.

**52.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e Cáritas Diocesana de Santiago.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio polo que o Concello achega 35.000 euros.

## **URXENCIAS**

1.- Adxudícase o contrato de préstamo por importe de 4.135.000 euros á entidade BBVA de acordo coa oferta económica presentada: préstamo a 12 anos, con 2 de carencia; con tipo de xuro euribor trimestral máis 149 puntos básicos e tipo de liquidación trimestral (intereses a día de hoxe - 2,77%). Total ofertas presentadas: 6.